

IES COSME LÓPEZ RODRÍGUEZ

DEPARTAMENTO DE LATÍN.

TAREFAS LATÍN 4º ESO.

NOTA.- No solucionario das actividades da semana 1, faltaban as solucións ao exercicio da sesión 3. Realmente trátase dun exercicio de resposta aberta, xa que cada un de vós podía poñer a palabra que quixese, sempre que fose unha derivada do sufixo indicado.

SEMANA 2 (23-27 DE MARZO):

SESIÓN 1: A oración composta. As conxuncións.

1. Lede con atención a teoría das páxinas 92 e 93 do libro de texto. Distínguese entre oración simple e composta, termos que xa coñecedes do estudo da lingua española e da galega e despois trata no segundo apartado as oracións coordinadas, especificando cales son os nexos de unión máis frecuentes en latín, distinguindo entre coordinadas copulativas (afirmativas ou negativas) e as adversativas, e as súas traducións ao español.
2. Facede un esquema con todas as conxuncións coordinantes que aparecen mencionadas nesas dúas páxinas e coas súas correspondentes traducións ao español, para que sexan máis fáciles de consultar cando fagamos as oracións, e posteriormente de estudalas.

SESIÓN 2: A oración composta. Análise e tradución.

1. Analizade morfoloxica e sintacticamente e traducide as CATRO PRIMEIRAS oracións do exercicio 8, da páx. 93, coa axuda do vocabulario das últimas páxinas do libro.
2. Escibide as conxuncións coordinantes que aparecen nelas, indicando a que grupo pertencen (copulativas, afirmativas e negativas, ou adversativas).

SESIÓN 3: Tradución ao latín.

1. Intentade escribir en latín estas dúas oracións do exercicio 9 da páx. 92:
 - *El rey Numa establecía leyes y costumbres para los romanos.*
 - *Grecia tenía ríos pequeños, pero famosos.*
2. Despois de escribilas en latín, analizádeas e traducídeas: